

ACTA CENSANTES 19/06/2017

Asistentes: 9 persoas

Representación: CMVMC; Asociacións Culturais; Asociación de Veciños; Entidades deportivas;



Temáticas traballadas:

En Cesantes pretendíase traballar a mobilidade e a vivenda, pero a problemática tan profunda en torno á mobilidade fixo que se adicaran todos os esforzos a esta temática, a través da que apareceron outras necesidades relacionadas coa centralidade urbana

Resultados:

- Mobilidade:
 - Enuméranse unha serie de problemáticas, como son: falta de beirarrúas en diversos puntos; inexistencia de pasos habilitados para peóns, sobre todo no entorno da estrada nacional; a mala colocación de contenedores, etc.
 - En relación ao tráfico rodado expóñenese dous puntos como os que maior problemática acarrean:
 - Accesos e arredores da praia. Vese necesario buscar unha saída para o tráfico
 - Estrada que une a farmacia coa igrexa e que serve de vínculo coa zona alta e a baixa. As queixas refírense á mala conservación e á falta de anchura para o tráfico que soporta.
 - Sinálanse varios camiños con dificultades e que se exporán en plano: camiño do tanque, camiño da ferreira, etc.
 - Exponse a necesidade de coidar os ramais que baixan de cara a praia e habilitar zonas de acceso ara persoas con mobilidade reducida
- Centralidade urbana
 - En relación á mellora do núcleo de Cesantes para que se poida centrar a vida cotiá no mesmo falouse dos seguintes aspectos:
 - Necesidade de un local para dar cabida ás actividades da Asociación de Veciños
 - Crear unha biblioteca e darlle contido
 - Valorizar e coidar os lavadoiros e fontes, como por exemplo a Fonte de Neira

ACTA CENSANTES 20/07/2017

Asistentes: 8 persoas

Representación: CMVMC; Asociacións Culturais; Asociación de Veciños; Entidades deportivas;

Temáticas traballadas:

Neste segundo obradoiro en Cesantes faise unha devolución sobre plano do traballado na anterior xuntanza e amplíase o debate sobre as mesmas temáticas.

Resultados:

- Mobilidade
 - Un dos temas sobre os que se fala nesta xuntanza é o de evitar o tráfico na beira da praia, tratando así de protexela. Entre outras cousas sácase a problemática de perda do areal debido á intervención sobre o mesmo.
 - Proponse que se potencie o uso do tren, rexenerando a zona do apeadoiro cercana á praia. Vese como un xeito de mellorar a circulación e fometar a chegada de outro tipo de turismo
 - Debido a número eevado de tráfico e ao uso a pé de fincas de produción agrícola, advírtese da necesidade de xerar protocolos de seguridade para as persoas que están traballando a terra en zonas cercanas ás estradas.
- Ambiental
 - A pesar dw que existen diferencias sobre o uso que se lle debe dar ás terras de cultivos en termos xerais hai acordo en que se deben protexer
 - Pídese a protección da zona da Punta, que como se comentou anteriormente está a sufrir un grave deterioro ambiental
- Vivenda
 - En relación á vivenda non existe acordo sobre como crecer nun futuro
 - Sí se ve a necesidade de poder construír casas unifamiliares para evitar a marcha a outras vilas e concellos das persoas máis xóvenes que carecen de vivenda
 - Hai discusión sobre o modelo de vivenda que se quere, apostando unhas persoas por vivendas unifamiliares unicamente e outras por vivendas de varias alturas

